

ANUNCIO

Listaxe definitiva de aspirantes proceso de selección e provisión en propiedade por persoal funcionario de carreira dunha praza de técnico/a deportivo/a, incluída na OEP ordinaria do Concello de Monfero de 2021, e nomeamento de Tribunal

Por Resolución desta Alcaldía nº 056/2023 de data 7 de febreiro de 2023 aprobouse a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección e provisión en propiedade por persoal funcionario de carreira dunha praza de Técnico Deportivo.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 8 de febreiro de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADMISIÓN DEFINITIVA CANDIDATOS TECNICO DEPORTIVO E NOMEAMENTO TRIBUNAL
EXPEDIENTE: 2023/G003/000048

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o 1 de xuño de 2022, acordou a aprobación da convocatoria e Bases reguladoras para a selección e provisión en propiedade por persoal funcionario de carreira dunha praza de técnico/a deportivo/a, pertencente ao grupo A2, incluída na OEP ordinaria do Concello de Monfero de 2021, por quenda de promoción interna e polo sistema de concurso oposición, que foron publicadas no BOP núm. 111, do 13 de xuño de 2022, así como no DOG nº 132, do 12 de xullo, e no BOE nº 235, do 30 de setembro de 2022.

Logo de ver a Resolución desta Alcaldía nº 440/2022, de data 1 de decembro de 2022, pola que se aprobou a Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección e provisión en propiedade por persoal funcionario de carreira dunha praza de Técnico deportivo.

Unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións, alegacións, emendas de deficiencias ou erros para tomar parte no citado proceso de selección, sen que se presentase ningunha, e logo de ver os informes e resto de documentación que constan no expediente, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de candidatos admitidos, conformada polo único candidato presentado, D. JOSE AMANDO PENA VILA

SEGUNDO.- Designar como membros do Tribunal segundo as bases da convocatoria ás seguintes persoas:

Presidente: D.^a Rosa Novoa Paseiro, Funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: Manuel Larrosa Rodríguez. Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional

Vogal 1: D.^a Ana Ocampo Pérez-Gorostiaga. Funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: D.^a Yolanda Ares Bao. Funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Vogal 2: D. Roberto García Fernández. Xefe de Servizo na Coruña da Secretaría Xeral para o Deporte

Suplente: D. Miguel Angel González Cal. Técnico de deportes do Concello de Arteixo.

Vogal 3: D. Javier Sánchez Romero. Técnico de deportes do Concello de Ares

Suplente: D.^a Teresa Blanco Martínez. Profesora Educación Física. Funcionaria da Xunta de Galicia.

Secretario: D. Baldomero Beceiro Alonso. Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: D. Eladio Bendaña Pardo. Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal ás 10:00 horas do día 1 de marzo de 2023, mércores, na Casa Consistorial, para a preparación das probas; e convocar, no mesmo lugar, aos/ás aspirantes admitidos/as para a celebración da primeira proba, ás 11:00 horas do mesmo día 22 de febreiro de 2023, na Casa Consistorial.

Unha vez realizada a proba, publicaranse as respostas no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monfero, e concederanse dous días hábiles para a presentación de reclamacións contra as preguntas. Posteriormente se publicará a cualificación da proba, que será sometida a outro período para a presentación de reclamacións de dous días hábiles desde a súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, que así mesmo serán resoltas polo órgano de selección.

CUARTO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>) da súa páxina web (concellodemonfero.com), e no B. O. da Provincia da Coruña, o que servirá de convocatoria aos aspirantes, que deberán presentarse á realización da proba provistos de DNI ou documento que acredite fidedignamente a súa personalidade.

QUINTO.- Notificar esta resolución aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello

Monfero, 8 de febreiro de 2023
O Alcalde,

Andrés Feal Varela